



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XII lexislatura  
Número 30  
27 de maio de 2024



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

#### Rexeitamento das iniciativas

##### I 2379 (12/PNC-000306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar co fin de avaliar o modelo desenvolvido durante estes anos respecto dos usos e posta en valor do mosteiro de San Clodio de Leiro

[11647](#)

##### I 3246 (12/PNC-000406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de accións para lles requirir ás empresas do sector da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña o cumprimento dos convenios salariais que manteñen co seu persoal

[11647](#)

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### I 438 (12/PNC-000013)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que desenvolva accións divulgativas relacionadas co legado do científico Pedro Xosé Rodríguez y González, coñecido como «Matemático Rodríguez», no bicentenario do seu falecemento

[11648](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### I 1438 (12/PNC-000167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que no vindeiro curso instaure a gratuidade dos libros de texto e dos materiais curriculares precisos para todo o alumnado das etapas do ensino obrigatorio público

[11648](#)



**I 3004 (12/PNC-000383)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no CPI Castro Baxoi, de Miño, para adecuar as súas infraestruturas e recursos humanos ás necesidades derivadas do aumento da poboación escolar nese concello [11648](#)

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

**Aprobación sen modificacións****I 1994 (12/PNC-000247)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de adoptar un acordo parlamentario relativo á implantación da factoría de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei [11649](#)

**Rexeitamento das iniciativas****I 2448 (12/PNC-000315)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e dous deputados/as máis**

Sobre o plan que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de evitar a deslocalización de empresas, producións e proxectos do sector da automoción da área de Vigo [11650](#)

**I 3277 (12/PNC-000410)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que leve adiante as accións necesarias para poder dispor do parque empresarial da Barbanza no prazo de tempo máis breve posible [11650](#)

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

**Rexeitamento da iniciativa****I 1079 (12/PNC-000105)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego ante os prexuízos económicos dos sectores agrarios da Limia orixinados polo exceso de chuvias nas últimas semanas [11650](#)

**I 2967 (12/PNC-000376)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que manteña unha postura contraria ao proxecto de Altri en Palas de Rei [11651](#)



**I 3058 (12/PNC-000389)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e dous deputados/as máis**

Sobre determinadas medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación co problema que afecta o gando pola extensión da enfermidade da lingua azul [11651](#)

**2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento****2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos****2.2.5. Composición das comisións**

I Resolución da Presidencia, do 23 de maio de 2024, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da Radio Televisión de Galicia (doc. núm. 4772) [11651](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 24 de maio de 2024, adoptou os seguintes acordos:

### Rexeitamento das iniciativas

- 2379 (12/PNC-000306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar co fin de avaliar o modelo desenvolvido durante estes anos respecto dos usos e posta en valor do mosteiro de San Clodio de Leiro

BOPG nº 20f2, do 02.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 3246 (12/PNC-000406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de accións para lles requirir ás empresas do sector da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña o cumprimento dos convenios salariais que manteñen co seu persoal

BOPG nº 24f2, do 15.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2024

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 22 de maio de 2024, adoptou os seguintes acordos:



## Aprobación por unanimidade con modificacións

- 438 (12/PNC-000013)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que desenvolva accións divulgativas relacionadas co legado do científico Pedro Xosé Rodríguez y González, coñecido como «Matemático Rodríguez», no bicentenario do seu falecemento

BOPG nº 9f2, do 11.04.2024

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver accións divulgativas que axuden a difundir o legado científico e político do Matemático Rodríguez no bicentenario do seu falecemento.»

## Rexeitamento da iniciativa

- 1438 (12/PNC-000167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que no vindeiro curso instaure a gratuidade dos libros de texto e dos materiais curriculares precisos para todo o alumnado das etapas do ensino obrigatorio público

BOPG nº 12f2, do 17.04.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 1 abstención.

- 3004 (12/PNC-000383)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no CPI Castro Baxoi, de Miño, para adecuar as súas infraestruturas e recursos humanos ás necesidades derivadas do aumento da poboación escolar nese concello

BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 1 abstención.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2024

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 23 de maio de 2024, adoptou os seguintes acordos:

### **Aprobación sen modificacións**

- 1994 (12/PNC-000247)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de adoptar un acordo parlamentario relativo á implantación da factoría de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei

BOPG nº 16f2, do 24.04.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 9 votos a favor, 6 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda:

1º. Manifestar o seu apoio á implantación da iniciativa empresarial de Altri para instalar a futura fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei, por canto supón unha oportunidade para xerar riqueza e emprego cualificado na nosa comunidade, fomentar o asentamento de poboación no rural galego, pechar o ciclo produtivo e de valor da madeira e favorecer os propietarios de montes, e xerar sinerxías con dous sectores clave da economía galega como son o téxtil e o forestal.

2º. Instar a Xunta de Galicia a dar prioridade a este proxecto de interese estratéxico, sempre garantindo o cumprimento da máis estrita normativa medioambiental, técnica e sectorial que lle sexa de aplicación.

3º. Instar a Xunta de Galicia a reiterar ao Goberno de España a necesidade de concretar liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation para o desenvolvemento deste proxecto coa maior celeridade posible.

4º. Instar o Goberno galego a se dirixir ao Goberno de España para exixir que inclúa na planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026 todas as medidas xa trasladadas reiteradamente pola Xunta de Galicia e que son precisas para dar resposta ás necesidades dos proxectos industriais intensivos en enerxía cuxa viabilidade e competitividade dependen da conexión eléctrica, como a construción dunha subestación eléctrica para a subministración da planta de Altri en Palas de Rei.»



## Rexeitamento das iniciativas

- 2448 (12/PNC-000315)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e dous deputados/as máis

Sobre o plan que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de evitar a deslocalización de empresas, producións e proxectos do sector da automoción da área de Vigo

BOPG nº 20f2, do 02.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 1 abstencións.

- 3277 (12/PNC-000410)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que leve adiante as accións necesarias para poder dispor do parque empresarial da Barbanza no prazo de tempo máis breve posible

BOPG nº 24f2, do 15.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 1 abstencións.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 23 de maio de 2024, adoptou os seguintes acordos:

## Rexeitamento da iniciativa

- 1079 (12/PNC-000105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego ante os prexuízos económicos dos sectores agrarios da Limia orixinados polo exceso de chuvias nas últimas semanas

BOPG nº 12f2, do 17.04.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.





- 2967 (12/PNC-000376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e seis deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que manteña unha postura contraria ao proxecto de Altri en Palas de Rei

BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 9 votos en contra e 2 abstencións.

- 3058 (12/PNC-000389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e dous deputados/as máis

Sobre determinadas medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación co problema que afecta o gando pola extensión da enfermidade da lingua azul

BOPG nº 24f2, do 15.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 1 abstencións.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

#### 2.2.5. Composición das comisións

#### **Resolución da Presidencia, do 23 de maio de 2024, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da Radio Televisión de Galicia (doc. núm. 4772)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 4772, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da Radio Televisión de Galicia.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da Radio Televisión de Galicia:



Altas:

Felisa Rodríguez Carrera  
Juan Casares Gándara  
Cristina Campero Dorado

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

